



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

### LISTA DE ASISTENTES

Allegue Agnete, Pilar  
Álvarez Rodríguez, Pablo  
Barreiro Blas, Antonio  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Fernández Fernández, Federico A.  
Gil Villanueva, José M<sup>º</sup>.  
González Crespán, Araceli  
González Pillado, Esther M<sup>º</sup>.  
Macías Cambra, Enrique  
Montero Muñoz, María  
Vaquero Díaz, M<sup>º</sup> Beatriz

### DESCULPA ASISTENCIA

Varela Martínez, Iago

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 30 de abril de dous mil dez ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda.

O venres, día **30 de abril 2010**, ás 10:05 horas, na Sala de Xuntas da Xerencia, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 22 de abril de 2010.
2. Resolucións das reclamacións ás candidaturas provisionais ás eleccións a Reitor, Claustro e representantes de alumnos nos Consellos de Departamento e proclamación definitiva de candidatos.
3. Declarar concluído o proceso electoral naquelas circunscricións nas que non se superou o número de postos a cubrir (art. 20 do procedemento para elección de membros do Claustro).
4. Determinar, á vista do número de electores, o número e colocación das mesas electorais (art.18 do procedemento para a elección a Reitor e o art. 23 do Claustro).
5. Adoptar acordos sobre as instrucións aos presidentes das mesas sobre as urnas e o escrutinio.
6. Delegación na secretaria da Comisión Electoral do nomeamento de interventores.
7. Delegación na secretaria da Comisión Electoral da aprobación, se procede, dos modelos de actas.
8. Modelos papeletas.
9. Asuntos varios.
10. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 22 de abril de 2010.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Resolucións das reclamacións ás candidaturas provisionais ás eleccións a Reitor, Claustro e representantes de alumnos nos Consellos de Departamento e proclamación definitiva de candidatos.

Sinala a secretaria xeral que de todas as reclamacións presentadas a Claustro, só unha é rexeitada. Trátase dunha alumna que solicita que se lle inclúa como candidata a Claustro cando presentou a súa candidatura a un departamento.

En canto ás eleccións a representantes de consellos de departamento, todas as reclamacións foron aceptadas.

Apróbase por asentimento.

**Punto 3.** Declarar concluído o proceso electoral naquelas circunscricións nas que non se superou o número de postos a cubrir (art. 20 do procedemento para elección de membros do Claustro).

Sinala a presidenta que consta na documentación un cadro onde se recollen os candidatos e candidatas por cada sector e circunscrición e o número de postos a cubrir, indicándose en cada caso cando é necesario facer eleccións.

Non procede facer eleccións:

- Sector A: E.S. de Enxeñaría Informática, E.U. de Enxeñaría Técnica Forestal, E.T.S. de Enxeñaría de Telecomunicación, E.U. de Enxeñaría Técnica Industrial.
- Sector B: na circunscrición de E.S. de Enxeñaría Informática e Facultade de Ciencias.
- Sector C: Ciencias de Educación e do Deporte, Belas Artes, Fisioterapia, Bioloxía, E.T.S. de Enxeñaría de Telecomunicación, E.U. de Estudos Empresariais, E.T.S. de Enxeñaría de Minas, Ciencias do Mar.

En canto ás eleccións de departamentos, no hai un punto específico na orde do día porque, de acordo co regulamento, nos casos en que o número de candidatos é igual ou inferior ao número de postos a cubrir, se declarará de oficio o remate do proceso electoral. Xúntase un cadro á documentación onde constan os datos destas eleccións.

Apróbase por asentimento.

**Punto 4.** Determinar, á vista do número de electores, o número e colocación das mesas electorais (art.18 do procedemento para a elección a Reitor e o art. 23 do Claustro).

A Presidenta da Comisión expón o contido no **anexo I** onde se determina a colocación das mesas.

**Punto 5.** Adoptar acordos sobre as instrucións aos presidentes das mesas sobre as urnas e o escrutinio.

A Presidenta expón o contido concreto das instrucións que se recollen no **anexo II**.

**Punto 6.** Delegación na secretaria da Comisión Electoral do nomeamento de interventores.

Sinala a presidenta que, do que se trata é de axilizar ao máximo o procedemento e ao mesmo tempo, evitar que se teña que reunir a Comisión Electoral para o nomeamento.

Solicítase, por tanto, esta delegación con independencia de que se dea conta aos membros da Comisión dos interventores nomeados.

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.** Delegación na secretaria da Comisión Electoral da aprobación, se procede, dos modelos de actas.

A presidenta da Comisión Electoral solicita a delegación na secretaria dos modelos de acta.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.** Modelos papeletas.

Presenta a presidenta da Comisión Electoral os modelos de papeletas.

**Punto 11.** Aprobación, se procede, do procedemento de voto electrónico.

Unha vez que xa temos certeza de en que departamentos haberá eleccións, procede darlle cobertura xurídica completa ao plan piloto de voto electrónico. Por este motivo, se presenta hoxe o procedemento do voto electrónico onde se regula cómo se vai emitir o voto, así como as distintas actuacións de todos os implicados no proceso (Comisión Electoral, Mesa Electoral).

Destácase que o ámbito de aplicación deste procedemento redúcese ao establecido no artigo 1.

Apróbase por asentimento o procedemento que se recolle no **anexo III**.

**Punto 9.** Asuntos varios.

Informa a presidenta da Comisión de que se vai comunicar aos candidatos definitivos as cantidades asignadas para a campaña electoral. Trátase de 6.000 euros para cada un e considerouse oportuno esperar a hoxe, data de proclamación definitiva de candidatos a Reitor, para comunicarlles a cantidade asignada. Isto engádese ao apoio loxístico xa concedido, consistente nun local dentro do campus e dispoñibilidade de coche oficial para cada candidato.

Informa a secretaria da celebración das Xornadas de difusión do voto electrónico nos campus.

Lémbrese que o día 5 se inicia a campaña electoral e que, en principio, xa non haberá máis reunións da Comisión Electoral ata o día das eleccións ás 21:00 horas aproximadamente, para o cálculo das ponderacións e a realización do escrutinio xeral das eleccións a Reitor, Claustro e representantes de departamentos.

**Punto 10.** Rogos e preguntas.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:00 horas do día 30 de abril de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral



María Montero Muñoz

A secretaria da Comisión Electoral



Esther Mª González Pillado